

ASUNTO PLE/2024/00003299X

**ACTA NÚM. 2 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE
TIVO LUGAR O DÍA 29 DE XANEIRO DE 2024.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:02 horas** do día **29 de xaneiro de 2024**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Dona Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa-Presidenta

BNG

Dona Miriam Louzao Fernández
Don Xesús Domínguez Domínguez
Dona Pilar Lueiro García
Don Manuel César Vila
Don Iago Lestegás Tizón

CA

Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

PP

Don Borja Vereza Fraiz
Dona María Baleato González
Dona Yolanda Otero Balsa
Don José Antonio Constenla Ramos
Dona Olaya Otero Sanjurjo
Don José Ramón de la Fuente Rodríguez
Dona Nerea Barcia Guldrís
Don Evaristo Ben Otero
Dona María Rosario Ferreiro Varela
Don Adrián Villa Torres
Don Borja Rubio Somoza

PSdeG-PSOE

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona Marta Abal Rodríguez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Álvarez Vázquez.

José Manuel González García, secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2024/00003299X.

Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 21 de decembro de 2023.

2. Proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE para a declaración de Santiago de Compostela como zona de mercado residencial tensionado.

3. Proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa ás actuacións necesarias e urxentes para a mellora do ámbito de San Lourenzo-Carne de Abaixo.

4. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para promover vivendas colaborativas “cohousing senior” en Santiago.

5. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a creación do Consello municipal de deportes.

6. Tomar coñecemento de resolución da alcaldía de delegación de atribucións.

7. Tomar coñecemento de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

8. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

- 1.- Formulado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativo á situación do departamento de cartografía.
- 2.- Formulado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE para acordar a instalación dunha placa homenaxe á historia do cinema en Compostela.
- 3.- Formulado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativo ao control da normativa de venda ambulante.

Preguntas orais:

- 1.- Formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á situación na que se atopa a rúa do Pombal e as inundacións que provoca en Campo das Hortas.
- 2.- Formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa aos procesos selectivos de acceso libre e promoción interna.
- 3.- Formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á situación do contrato da creación do portal web e da intranet municipal.
- 4.- Formulada polo grupo municipal do PP sobre os retrasos do contrato para a rehabilitación do complexo deportivo de Santa Isabel.
- 5.- Formulada polo grupo municipal do PP sobre os incumprimentos do servizo de limpeza.
- 6.- Formulada polo grupo municipal do PP sobre bonificación do IBI e ICIO polo uso de instalacións enerxéticas alternativas.

Pregunta escrita:

- 1.- Formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre os contratos de festas natal 2023.

9. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

- 1.- Presentada polo PSdeG-PSOE relativa á situación na que se atopan os taxis

eléctricos.

- 2.- Presentada polo PP para a posta en marcha dun servizo de lavandería a domicilio a persoas maiores de 65 anos.
- 3.- Presentada polo PP para incorporar a plataforma BIZUM como ferramenta de pago para taxas, impostos ou outras transaccións económicas locais.
- 4.- Presentada polo PP en relación á licitación dos servizos de limpeza e conserxería nos CEIPs de Santiago.
- 5.- Presentada polo PP para realizar melloras na parroquia de Marrozos.
- 6.- Presentada polo PSdeG-PSOE contra a xestión da marea dos “pellets” plásticos.
- 7.- Presentada polo PSdeG-PSOE para a creación dun aparcadoiro provisional en superficie entre a avenida de Ferrol e Doutor Maceira.
- 8.- Presentada polo BNG, CA e PSdeG-PSOE de apoio á manifestación convocada pola Plataforma SOS sanidade pública de Galicia en defensa de medidas urxentes para salvar a sanidade.

Cumpriméntase así:

1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2024/00003299X.
APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 21 DE DECEMBRO DE 2023.

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba a acta correspondente á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2023, núm. 20/23.

2. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA A DECLARACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COMO ZONA DE MERCADO RESIDENCIAL TENSIONADO.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal Socialista, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte PROPOSICIÓN para o seu debate en Pleno

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 12/2023, do 24 de maio, aprobada polo goberno do Estado no 2023 foi a primeira lei integral de vivenda da democracia que garante o dereito a unha vivenda digna e adecuada, reforzando o quinto pilar do Estado de benestar promocionando que este poida exercerse en condicións asumibles.

Entre as súas disposicións inclúese a declaración de zonas de mercado residencial tensionado, dotando de instrumentos ás administracións públicas como tope aos prezos de alugueiro.

A Xunta de Galicia ameazou inicialmente con recorrer ao Tribunal Constitucional a lei, por ser unha norma que regulaba a vivenda, cuestión de competencia autonómica. Unha competencia que, por outra banda, os sucesivos gobernos do Partido Popular non amosaron especial interese en exercer deixando, por exemplo, no exercicio pechado do 2022, 7 de cada 10 euros destinados a política de vivenda sen executar.

Desde o 2010, de feito, foron 470 millóns de euros os que a Xunta de Galicia orzou para políticas de vivenda e que quedaron nas arcas públicas sen chegar a ter utilidade

práctica para a cidadanía galega. E, desde logo, o balance en materia de promoción de vivenda pública é desolador nos últimos anos, agravado no caso de Santiago onde o máis cerca que se estivo de impulsar a vivenda pública foi na tantas veces anunciada construción de 24 pisos no Castiñeiriño que levan 4 anos para ser construídos.

Así as cousas, o problema da vivenda en Santiago está lastrando o crecemento da cidade con alugueiros inasumibles pola xente moza e polas novas familias que buscan asentarse na nosa cidade.

Impulsáronse durante o anterior goberno local socialista medidas correctivas no marco das competencias ao alcance da administración do concello, regulando e ordenando os usos residenciais e turísticos, á espera dunha ordenanza que regule os usos preexistentes da que aínda se agarda coñecer algún avance, despois de medio ano de goberno bipartito, e toda vez que ao remate do anterior xa existía un borrador da mesma.

Outra das liñas a seguir foi a orientación da vivenda baleira cara a súa ocupación, promovendo a creación do rexistro de solares. Unha cuestión que implica grandes dificultades para a súa abordaxe, posto que a Xunta de Galicia bloquea a definición do que é vivenda baleira a través dunha norma autonómica -como fixeron Cataluña e o País Vasco- desde hai máis dunha década para, en base a esa definición, poder actuar sobre a mesma con penalizacións en forma de tributacións superiores, por exemplo. Un parque de vivendas, as baleiras, que segundo datos do INE supón un 11% do total de vivenda construída, unhas 6.000.

Agora preséntasenos unha nova vía para impulsar a intervención pública sobre o mercado inmobiliario que é a correctiva de prezos a través da declaración de zona de mercado residencial tensionado. Unha alternativa que se incluíu a través dunha disposición adicional na Lei de medidas fiscais e administrativas dos orzamentos de 2024, nunha especie de auto-emenda do Partido Popular.

Unha rectificación que se fai con matices, toda vez que a formulación da lei galega produce unha transferencia das competencias de vivenda aos concellos, cargando nestes as responsabilidades de motivar a aplicación e declaración da categoría de zona residencial tensionada cunhas esixencias que non aparecen na Lei 12/2023 e que semella querer dificultar a tramitación.

Os concellos deben constituír unha mesa sectorial con colexios profesionais, axentes de propiedade inmobiliaria e promotores de vivenda; presentar as actas desa mesa sectorial, o acordo do órgano municipal competente, unha xustificación das deficiencias do mercado inmobiliario do municipio así como un proxecto de plan coas medidas correctoras que se consideren oportunas. Reservándose, iso si, a última decisión ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).

A pesar das trabas, enténdese desde o Grupo Municipal Socialista que Compostela cumpre os requisitos para ser declarada zona de mercado residencial tensionado: a existencia dunha taxa de esforzo elevada, isto é, que máis do 30% da renda dispoñible da unidade familiar se destine ao pago do alugueiro e gastos da vivenda; e unha evolución dos prezos de alugueiro exacerbada.

Segundo a estimación realizada por Atlas Real State Analytics, ata o 82% dos fogares composteláns sitúanse en estas zonas tensionadas, concentrándose nos barrios do

centro da cidade. Sinala o estudo que na zona vella o alugueiro creceu un 76% nos últimos cinco anos. No Castiñeiriño un 62,35%, en Santa Marta un 61% e no Ensanche un 39%.

Segundo o Observatorio de Vivenda da Xunta de Galicia, de media un alugueiro dun piso en Santiago custaba en agosto de 2023, 554,5 euros, fronte os 517 do mesmo mes do ano anterior e os 408,7 de 2017. Máis datos do portal Idealista recalcan a mesma cuestión do incremento de prezos, sinalando unha variación anual do alugueiro en Santiago do 8,5% en decembro de 2023 respecto ao mesmo mes do 2022 cun prezo medio do metro cadrado que ronda os 8,9 euros, un incremento do 1,7% só respecto o mes anterior. Datos que motivan, de xeito evidente, a necesidade de poñer coto ao incremento dos alugueiros, toda vez que, por exemplo, se comparamos no intervalo entre 2015 e 2019, os prezo do aluguer subiu un 23% e os salario tan só un 7%.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes **acordos**:

1. O Pleno da Corporación do Concello de Santiago insta á Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda, a declarar Santiago como zona de mercado residencial tensionado para a aplicación das oportunas medidas correctoras do prezo do alugueiro e a mellora da oferta de vivenda.

2. Instar ao goberno local a iniciar os trámites de documentación para a motivación da proposta para a declaración de Santiago como zona de mercado residencial tensionado, así como a constitución da mesa sectorial requirida pola adaptación galega da Lei 12/2023.”

Á presente proposición presenta emenda o grupo municipal do PP que non foi aceptada.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e de CA (6 PSdeG-PSOE, 6 BNG e 2 CA), e 11 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda, a declarar Santiago como zona de mercado residencial tensionado para a aplicación das oportunas medidas correctoras do prezo do alugueiro e a mellora da oferta de vivenda.

2. Instar ao goberno local a iniciar os trámites de documentación para a motivación da proposta para a declaración de Santiago como zona de mercado residencial tensionado, así como a constitución da mesa sectorial requirida pola adaptación galega da Lei 12/2023.

3. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA ÀS ACTUACIÓNS NECESARIAS E URGENTES PARA A MELLORA DO ÁMBITO DE SAN LOURENZO-CARME DE ABAIXO

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal Socialista, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición ao Pleno da Corporación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a rúa de San Lourenzo, atravesando a ruela dos Gatos, chégase ata a ribeira do Río Sarela e á antiga fábrica de curtidos do barrio do Carme de Abaixo e ata a confluencia coa rúa do Pombal. Este ámbito da cidade mudou moito nos últimos anos, desenvolvéndose urbanísticamente, son moitas as veciñas e veciños que decidiron residir neste barrio.

Na actualidade, o estado dos viais da contorna, especificamente as rúas de chapacuíña, atópanse nun estado bastante lamentable, cheas de socavóns e fochancas polas chuvias destes meses. Tamén pola intensidade de tráfico que cada día circula por este ámbito, facéndose neste momento necesario e urgente estudar a mobilidade de todo o ámbito: as posibles opcións de crear algunha bolsa de aparcamento nas inmediacións, así como executar obras de mellora importantes en todo o barrio.

Unha mostra de que é necesaria esta actuación é o acontecido o pasado venres, un camión de gran tonelaxe quedou atrapado na ponte de pedra que atravesa oría Sarela neste barrio.

Así mesmo, desde hai dous meses, a Deputación de A Coruña iniciou as obras da senda peonil desde o Carme de Abaixo ata a parroquia de Figueiras, DP- 7803.

Tendo en conta, así mesmo, que hai un tramo ata o enlace con esta vía que é municipal e que non dispón de beirarrúa en ningún dos dous sentidos da circulación, e que resulta altamente perigoso para os viandantes, e que á altura da entrada ao parque público da Selva Negra a Deputación vai executar a beirarrúa, pero carece de alumeado público nun tramo de aproximadamente de 500 metros, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

1. Instar ao Goberno Local a realizar un estudo da mobilidade coa finalidade de:

- Estudar alternativas viables para o acceso dos tráfico pasantes aovial de Figueiras (DP-7803) de tal forma que se permita a humanización e creación dun ámbito con menos tráfico na contorna da Calzada do Carme de Abaixo, Travesa do Carme de Abaixo e rúa das Oblatas.

- Estudar a creación dalgunha bolsa de aparcamento neste ámbito.

2. Que o goberno municipal engada unha partida nos orzamentos para a mellora e acondicionamento da rúa do Carme de Abaixo e inicie o procedemento para executar a beirarrúa que une este barrio coa senda peonil a Figueiras, que está a executar neste

momento a Deputación de A Coruña.

3. Que por parte do correspondente órgano do Goberno local se proceda, ben con recursos propios ou a través dunha acción conxunta coa Deputación da Coruña, titular da vía, a completar a iluminación pública da travesía DP-7803 á altura da Selva Negra.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (6 PSdeG-PSOE e 11 PP) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda:

1. Instar ao Goberno local a realizar un estudo da mobilidade coa finalidade de:

- Estudar alternativas viables para o acceso dos tráficos pasantes aovial de Figueiras (DP-7803) de tal forma que se permita a humanización e creación dun ámbito con menos tráfico na contorna da Calzada do Carme de Abaixo, Travesa do Carme de Abaixo e rúa das Oblatas.

- Estudar a creación dalgunha bolsa de aparcamento neste ámbito.

2. Que o Goberno municipal engada unha partida nos orzamentos para a mellora e acondicionamento da rúa do Carme de Abaixo e inicie o procedemento para executar a beirarrúa que une este barrio coa senda peonil a Figueiras, que está a executar neste momento a Deputación de A Coruña.

3. Que por parte do correspondente órgano do Goberno local se proceda, ben con recursos propios ou a través dunha acción conxunta coa Deputación da Coruña, titular da vía, a completar a iluminación pública da travesía DP-7803 á altura da Selva Negra.

4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA PROMOVER AS VIVENDAS COLABORATIVAS “COHOUSING SENIOR” EN SANTIAGO.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No panorama social actual, no ámbito das persoas maiores as vivendas colaborativas (“cohousing senior”) estanse a desenvolver como unha das alternativas actuais ao modelo residencial tradicional de persoas maiores intentando procurar un xeito de vida que preserve a intimidade e permita o control da propia vida, incide no dereito das persoas a elixir como vivir, na liberdade a elixir a unidade de convivencia.

Esta figura contribúe ao benestar das persoas maiores paliando situacións de illamento social que sofre unha parte deste colectivo, ao tempo que ofrece redes de apoio e seguridade ás persoas residentes.

Os cambios que se foron producindo na sociedade deben ter o seu reflexo na organización dos servizos públicos. Así, o concello de Santiago de Compostela debe facilitar os apoios necesarios para que os veciños e veciñas conten con recursos e formas de organización que den resposta ás súas necesidades ao longo do seu proceso vital.

Estas iniciativas facilitan ás persoas de máis idade os apoios necesarios para que poidan desenvolver os seus proxectos vitais, dentro da unidade de convivencia que desexen con seguridade e benestar.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte o seguinte **acordo**:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a dar os pasos necesarios para promover e apoiar as vivendas colaborativas para as persoas maiores como recurso de proximidade para a promoción da súa autonomía e benestar e a permanencia no seu entorno social, reforzando o dereito das persoas a decidir onde e como envellecer.”

Á presente proposición presentou emenda o grupo municipal do PSdeG-PSOE que non foi aceptada.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e de CA (6 PSdeG-PSOE, 6 BNG e 2 CA), acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a dar os pasos necesarios para promover e apoiar as vivendas colaborativas para as persoas maiores como recurso de proximidade para a promoción da súa autonomía e benestar e a permanencia no seu entorno social, reforzando o dereito das persoas a decidir onde e como envellecer.

5. PROPOSICIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“A promoción do deporte e das instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre é una competencia que o Concello exerce como propia ao abeiro do artigo 25.2.I, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

No exercicio desa competencia, creemos que a Administración municipal non debe perder a oportunidade de contar co coñecemento e experiencia que atesoran a importante comunidade deportiva e os deportistas da cidade, causa, obxectivo e destino de calquera política pública de xestión do deporte.

Se hai pouco máis dun mes recoñecíamos a falta dunha implicación máis activa do Concello na promoción e a divulgación da actividade deportiva da cidade a través de medios de comunicación e redes sociais municipais, hoxe temos que fixar a atención na falta dunha canle de participación a través da que a comunidade deportiva contribúa co seu coñecemento á articulación das políticas públicas no eido deportivo.

Santiago de Compostela pode presumir de contar cunha importante e exitosa comunidade deportiva, cun deporte de base, amateur e profesional, cun tecido asociativo, uns clubs, entidades, sociedades deportivas, Anpas, unha Universidade, uns centros educativos, en definitiva, cuns deportistas que poden aportar un coñecemento e unha perspectiva sobre os asuntos que lles afectan, que o Concello non debe ignorar.

O Regulamento de participación cidadá insta ás instancias políticas a fomentar a participación e a descentralización, que faga do Concello un ente aberto na que a cidadanía sinta o deber cívico de cooperar, e o artigo 19 do Regulamento prevé

precisamente a creación de Concellos sectoriais para artellar esa canle de participación.

Un Consello Municipal de Deportes é o instrumento idóneo para canalizar a participación de todos os axentes afectados e implicados no eido deportivo da cidade.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte os seguintes **acordos**:

Primeiro.- O Pleno acorda a creación do Consello Municipal de Deportes ao abeiro do artigo 19 do Regulamento de Participación Cidadá.

Segundo.- No prazo dun mes desde a adopción deste Acordo, deberá constituírse unha Comisión especial integrada por unha concelleira ou concelleiro de cada grupo municipal que se encargarán de propoñer a composición, organización, ámbito de actuación e réxime de funcionamento do Consello Municipal, que deberá ser aprobada polo Pleno ao abeiro do artigo 31 do Regulamento de Participación Cidadá. A Comisión adoptará os seus acordos por voto ponderado.

Terceiro.- A Comisión deberá rematar os seus traballos e presentar ao Pleno unha proposta para a súa aprobación no prazo de seis meses.”

Na segunda quenda de intervencións, o autor da proposición propón unha transacción substituindo a palabra “creación” polas de “constitución” ou “reactivación”, que rexeita o grupo municipal do BNG, non pronunciándose os restantes grupos.

Sometida a votación a proposición orixinal o Pleno da Corporación por 11 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP e 14 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e de CA (6 BNG, 6 PSdeG-PSOE e 2 CA), rexeita a proposición.

6. TOMAR COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS.

O Pleno da Corporación toma coñecemento da Resolución da Alcaldía de data 22 de xaneiro do corrente ano de delegación de atribucións da alcaldía na primeira Tenente de Alcaldesa os días 23, 24 e 25 de xaneiro do corrente ano.

7. TOMAR COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLERÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Pleno da Corporación toma coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 15 de decembro de 2023 ao 18 de xaneiro de 2024, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén toma coñecemento das seguintes actas da Xunta de Goberno Local:

ASUNTO XGL/2023/00046084L

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 30 de outubro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00047421E

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00047788K

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 13 de novembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00048440Y

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 14 de novembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00049342B

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 20 de novembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00050229R

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 27 de novembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00051328L

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 4 de decembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00052172N

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 11 de decembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00052483R

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00053129A

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 15 de decembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00052865S

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 18 de decembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00053335W

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 19 de decembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00053649V

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 21 de decembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00053844M

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 26 de decembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00054249L

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 28 de decembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00054399P

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 29 de decembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00054559F

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro de 2023.

ASUNTO XGL/2024/00000303G

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 8 de xaneiro de 2024.

ASUNTO XGL/2024/00001127T

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 11 de xaneiro de 2024.

ASUNTO XGL/2024/00001213V

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 15 de xaneiro de 2024.

ASUNTO XGL/2024/00001689X

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 17 de xaneiro de 2024.

8. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

- 1.- Formulado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativo á situación do departamento de cartografía.
- 2.- Formulado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE para acordar a instalación dunha placa homenaxe á historia do cinema en Compostela.
- 3.- Formulado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativo ao control da normativa de venda ambulante.

Preguntas orais:

- 1.- Formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á situación na que se atopa a rúa do Pombal e as inundacións que provoca en Campo das Hortas.
- 2.- Formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa aos procesos selectivos de acceso libre e promoción interna.
- 3.- Formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á situación do contrato da creación do portal web e da intranet municipal.
- 4.- Formulada polo grupo municipal do PP sobre os retrasos do contrato para a rehabilitación do complexo deportivo de Santa Isabel.
- 5.- Formulada polo grupo municipal do PP sobre os incumprimentos do servizo de limpeza.
- 6.- Formulada polo grupo municipal do PP sobre bonificación do IBI e ICIO polo uso de instalacións enerxéticas alternativas.

Pregunta escrita:

- 1.- Formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre os contratos de festas natal 2023.

Despois de ser debatidas as preguntas orais faise un receso das 12:00 ás 12:23 horas.

9. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Os textos das distintas mocións presentadas e tratadas na presente sesión, son os que a continuación se relacionan:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

RELATIVA Á SITUACIÓN NA QUE SE ATOPAN OS TAXIS ELÉCTRICOS

Exposición de motivos

O pasado 9 de xaneiro, poidemos ler unha boa nova nos xornais locais relativa á incorporación na flota de taxis do noso concello de dous vehículos 100% eléctricos. Este fito supón o arranque dun plan piloto de cara á renovación integral do parque móbil deste importante servizo público.

Ninguén dubida que o futuro das cidades pasa pola incorporación á mobilidade de vehículos 100% eléctricos, e unha das maiores ventaxas dos servizos de taxi eléctrico é a súa contribución á redución da contaminación do aire e das emisións de gases de efecto invernadoiro. Segundo un estudo da Axencia Internacional de Enerxía, este sector do transporte é responsable de aproximadamente o 24% das emisións globais de carbono. Debemos ter en conta que non soamente reducimos a pegada de carbono, senón tamén a contaminación acústica.

O éxito dos servizos de taxi eléctrico depende en gran medida da presenza dunha rede ampla de estación de carga rápida, que deben estar ubicadas estratéxicamente, permitindo a estes profesionais que carguen os seus vehículos de maneira rápida e eficiente, para minimizar o tempo de inactividade e garantir operacións eficientes.

Os representantes deste sector en Compostela están a advertir da escasez de puntos de recarga eléctrica en Santiago. Se queremos que o proceso iniciado coa compra destes dous vehículos continúe, é fundamental que dispoñan dunha infraestrutura de carga sólida.

É certo que hoxe teñen que desprazarse para efectuar estas cargas, xa que as electrolíneas dispoñibles están en instalacións privadas e moitas veces están ocupadas, o que lles supón un grave prexuízo.

Por tanto, se queremos respaldar a transición aos taxis eléctricos, a infraestrutura de estación de carga de alta velocidade desempeña un papel fundamental e para que estes profesionais opten por reducir a contaminación e avanzar cara un concello máis sostible, a implicación das administracións é fundamental neste proceso. Temos que ter en conta que a Unión Europea puxo 2035 como data límite aos coches alimentados con gasolina ou gasóleo, por iso a concesión de subvencións para a compra de coches 100% eléctricos é importante, pero tamén o é dar facilidades para que a recarga non lles supoña, como o está a ser nestes momentos, un problema e mesmo un agravio.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista, logo de reunirse con membros deste sector, presenta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación a seguinte

RESOLUCIÓN:

- 1.- Instar a AENA para que na parada de taxi do aeroporto “Rosalía de Castro” instale un punto de recarga rápida para dar servizo aos vehículos que desenvolven o seu traballo en Lavacolla.
- 2.- Que o goberno municipal, conxuntamente co sector, estude a posibilidade de instalar nalgunha das paradas de taxi da cidade puntos de recarga rápida.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A POSTA EN MARCHA DUN SERVIZO DE LAVANDERÍA ADOMICILIO A PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De conformidade cos últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística no termo municipal de Santiago viven preto de 23.000 persoas con idade de 64 o máis anos, o que supón máis do 23 % da totalidade de poboación do noso concello, ao que hai que engadir o feito de que unha gran parte destas persoas viven soas de xeito voluntario ou involuntario.

Neste contexto e segundo a evolución da poboación prevista para os vindeiros anos, cun incremento exponencial da poboación maior de 65 anos, dedúcese a necesidade de implantación de novos servizos que apoiem a mellora da calidade de vida das persoas maiores, potencien a súa autonomía no fogar e favorezan a permanencia no seu entorno habitual o maior tempo posible.

Ante o progresivo envellecemento da poboación no concello de Santiago de Compostela, tratamos con esta iniciativa ofrecer ás persoas maiores servizos de proximidade que posibiliten a súa permanencia no seu entorno social e familiar e establecer os mecanismos necesarios para dar resposta ás necesidades das persoas en proceso de envellecemento.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte o seguinte **acordo**:

O pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a dar os pasos necesarios para a posta en marcha dun servizo de lavandería a domicilio a persoas maiores de 65 anos como ferramenta para ofrecer e garantir os apoios necesarios, suficientes e axeitados ás persoas en proceso de envellecemento e como un instrumento de atención ás persoas maiores ou unidades de convivencia de persoas maiores no propio fogar.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INCORPORAR A PLATAFORMA BIZUM COMO FERRAMENTA DE PAGO PARA TAXAS, IMPOSTOS OU OUTRAS TRANSACCIÓNS ECONÓMICAS LOCAIS.

Hoxe día, e cada vez con maior incidencia, vanse xeneralizando métodos de pago moito máis sinxelos e sen custo asociados e vanse relegando en certos trámites a tradicional domiciliación bancaria, transferencia bancaria ou o pago con tarxeta. Esta dixitalización tamén se fai necesaria á hora de cumprir co pago nos diversos trámites, impostos ou taxas coa nosa administración máis próxima, como é o noso Concello, de forma que as novas tecnoloxías expóñase como unha nova opción.

O Real Decreto 203/2021, do 20 de marzo, que aprobou o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos (RAFME), recoñecendo o dereito das persoas para relacionarse por medios electrónicos coa Administración. No ámbito tributario, o artigo 96.3 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, do 17 de decembro, recollía a posibilidade de que a actuación administrativa se puidese realizar de forma automatizada, mediante técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

Desta forma, a lexislación vén reforzar o uso das tecnoloxías na información e comunicación coas Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a xestión,

garantir o dereito e as obrigacións dos cidadáns, e facilitando neste caso o pago grazas aos servizos dixitais.

Unha destas ferramentas, que hoxe en día van tomando protagonismo é a plataforma BIZUM, cuxo uso vén apoiado por máis de 20 millóns de usuarios e os case 700 millóns de operacións realizadas desde o seu nacemento.

Este novo método de pago non esixe número de conta e está simplificado no seu uso, ata o punto de necesitar unicamente un número de teléfono. O seu pago é similar á transferencia bancaria coa peculiaridade de que podemos realizalo desde o noso dispositivo móbil e o único que require é que tanto beneficiario como ordenante estean dados de alta no provedor de servizos de pago e usar unha aplicación (app) instalada previamente no noso móbil da entidade bancaria da que sexamos clientes. A diferenza da transferencia bancaria, non leva carrexado gasto algún.

O feito de que a plataforma Bizum sexa un servizo ofrecido por canles bancarias, fai, ademais, que estea protexido polos sistemas de seguridade dos mesmos. Dado que o ordenante da transferencia é a entidade bancaria, é esta a que debe autenticarse.

Bizum ademais, é unha modalidade de pago directa, segura e inmediata, o que facilita aproximar ao usuario á Administración.

Pretendemos con esta iniciativa non só a modernización da Administración Local e por tanto do Concello de Santiago, senón que esta adaptación á nova era tecnolóxica, facilite unha relación moito máis áxil rápida, sinxela e cómoda para os veciños.

Somos conscientes de que poida ser preciso a modificación das Ordenanzas Fiscais afectadas, pero entendemos que isto non debe ser obstáculo.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte o seguinte **acordo**:

Incorporar a plataforma Bizum entre os medios de pago existentes, para a realización de pagos de tributos municipais ou calquera outra transacción económica co noso Concello.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN A LICITACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA E CONSERXERÍA NOS CEIPs DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante dúas lexislaturas, o contrato de limpeza e conserxería dos Centros de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de Santiago de Compostela estivo en situación precaria, sen ser licitado en todos estes anos. A pesar dos múltiples intentos de abordar esta cuestión no Pleno mediante preguntas e mocións, non se logrou atopar unha solución satisfactoria. Este servizo precario non só afecta aos dereitos das persoas traballadoras dependentes desta licitación, senón que tamén desatende as demandas da comunidade educativa, que reclama melloras nestes servizos esenciais.

Dende o partido popular, urximos ao goberno municipal a tomar medidas inmediatas para abordar esta situación de xeito urxente e garantir a calidade dos servizos nos CEIP de Santiago de Compostela.

Un contrato importante debe priorizarse para poder atender ás demandas da comunidade educativa, como a de reforzar o servizo recuperando o persoal de limpeza en horario de mañán como se fixo durante a crise sanitaria da COVID.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte o seguinte **acordo**:

Instar ao goberno municipal a manter un diálogo cos axentes implicados neste contrato e licitar coa maior brevedade este servizo.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA REALIZAR MELLORAS NA PARROQUIA DE MARROZOS.

Recentemente desde o Partido Popular tivemos ocasión de estar cos veciños de Marrozos para coñecer as súas preocupacións ao respecto desta parroquia. As necesidades que nos manifestaron son de todo tipo e condición, pero hai entre elas algunhas que non son de gran envergadura e que si se arranxan facilitarían notablemente o día a día dos veciños.

Creemos que desde o Concello téñense que ter en conta non so as peticións das asociacións de veciños senón de tódalas entidades ou agrupacións que conformen a vida comunitaria das parroquias.

O obxectivo desta iniciativa é intentar que o Concello se implique máis nas demandas dos veciños de Marrozos e vexan así mellorada as cousas na súa parroquia.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno adopte os seguintes **acordos**:

Instar ao Goberno Local a:

Primeiro.- Realizar melloras viarias no entorno da Igrexa e Local Social.

Segundo.- Mellorar a accesibilidade dos baños Local Social, solucionar os problemas de inundacións do mesmo e mellorar a limpeza do local e da contorna.

Terceiro.- Xestionar correctamente os contedores do lixo, e non ter tres de vidro e ningún para outras materias.

Cuarto.- Axilizar a segunda axuda do Concello para as Festas xa que aínda non se cobrou.

Quinto.- Iniciar unha colaboración máis estreita coa asociación encargada dos carnavais para poder dar a coñecer os traxes do carnaval e axudarlles no súa elaboración, mantemento e posta en valor.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CONTRA A XESTIÓN DA MAREA DOS “PELLETS” PLÁSTICOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 8 de decembro, o cargueiro “Toconao”, con pavillón liberiano, armadora radicada en Bermudas e empresa propietaria con domicilio fiscal en Chipre, perdía fronte ás costas portuguesas varios colectores, entre os que se atopaba un que contiña máis de 26 toneladas de “pellets” plásticos repartidos en sacos de 25kg.

O 13 de decembro, o 112 recibe a chamada dun veciño de Corrubedo alertando da presenza de decenas de sacos de microplásticos na praia ribeirense de Balieiros, pese ao cal dende a Xunta de Galicia non se toma ningunha medida ata case un mes máis tarde, cando a presión social e mediática impide tapar durante máis tempo o acontecido.

O 20 de decembro ás 18:30 horas, Salvamento Marítimo de Fisterra comunica ao servizo de gardacostas, dependente da Xunta de Galicia, que a chegada de “pellets” ás costas galegas débese a perda do colector do Toconao. Pero non é ata o 4 de xaneiro, 15 días despois, cando a Xunta se dirixe a algúns Concellos a través dunha carta asinada polo Conselleiro do Mar, para lembrarlles que son eles, os Concellos, os que teñen as competencias na limpeza dos areais, e polo tanto desentendéndose desa labor e o que é máis importante, da súa obriga de colaborar aportando medios, recursos, información e orientación a aqueles que estaban a asumir en exclusiva a limpeza dos restos do vertido que chegaban ás nosas costas.

O 6 de xaneiro a Xunta activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (CAMGAL), sorprendentemente no seu nivel 1, o que impedía a intervención dos medios do Estado, segundo o establecido no protocolo aprobado polo Goberno Central durante a etapa de goberno do PP, que obriga a activar o nivel 2 para que o Goberno do Estado poida actuar.

Non é ata o día 9 de xaneiro cando Asturias, comunidade afectada por este vertido con posterioridade a Galicia, decreta o nivel 2, momento no que a Xunta decide seguir os seus pasos e proceder a activar ese nivel de alerta que permite actuar ao Estado, iso si, negándose a concretar que medios precisa para tal fin, chegando a declarar o propio Alfonso Rueda días antes “el que quiera ayudar, que ayude”, ou a Conselleira de Medioambiente, Ánxeles Vázquez, “el Gobierno Central tiene que saber lo que ellos necesitan”; para un día despois acabar pedindo un avión, dous helicópteros, 11 barcos e un submarino.

Así mesmo, compre ter en conta as contradicións dos distintos responsables da Xunta, e cargos do PP, en relación coas características, composición e sobre todo posible toxicidade ou non do material que chega ás nosas costas, sen ter a estas alturas a constatación de si pode ser ou non prexudicial.

Todo un despropósito, que pon negro sobre branco a nefasta xestión da Xunta de Galicia presidida por Alfonso Rueda dunha nova catástrofe nas costas galegas. Unha xestión que seguiu ao pé da letra o manual do Prestige, minimizando as consecuencias do vertido e actuando tarde, mal e arrastrado pola presión social, mentindo e ocultando información e responsabilizando aos demais daquilo que é da súa competencia.

Por todo exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Esixir da Xunta de Galicia:

1º.- A creación dun comité de crise no que participarán, ademais das autoridades autonómicas -que coordinarán as accións- e o goberno central, a FEGAMP e todos os alcaldes/as dos municipios afectados, dende o inicio da crise con independencia do nivel que sexa preciso activar, co fin de que poidan participar directamente na resolución do problema.

2º.- A posta a disposición dos Concellos afectados de todos os medios técnicos, económicos e humanos para facer fronte aos traballos de limpeza e retirada dos “pellets”.

3º.- A realización en colaboración con Universidades e laboratorios de contrastada experiencia de todos os estudos necesarios para aclarar a composición do material vertido, así coma as posibles afeccións que este poida ter no medio, fauna e flora que serán publicados inmediatamente co fin de garantir a máxima transparencia.

4º.- A elaboración de material informativo que poñerá a disposición de confrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e se comercializa, incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemáticos, evitando facer campañas partidistas como a que fixo a Xunta recentemente.

5º.- Se centralice e realice, en representación de todos os concellos e sectores afectados, as xestións necesarias para a reclamación dos custes nos que incorreron e están a incorrer os mesmos, así coma das posibles indemnizacións que poidan derivarse como consecuencia desta situación.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A CREACIÓN DUN APARCADOIRO PROVISIONAL EN SUPERFICIE ENTRE AVENIDA DE FERROL E DOUTOR MACEIRA

O Grupo Municipal Socialista, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago de Compostela conta cunha parcela de uso dotacional situada entre a Avenida de Ferrol e o IES Eduardo Pondal que opera, aínda que nun estado moi precario, como un aparcadoiro en superficie. Unha zona que na actualidade ten importantes deficiencias na súa superficie, con grandes fochancas e maleza nas marxes. Tamén se está a converter nun punto conflitivo para a convivencia no barrio, tendo en coñecemento diferentes denuncias da veciñanza que sinalan esta como unha zona insegura.

Actualmente avanza os traballos de urbanización do que será o primeiro edificio da nova fachada de Romero Donallo, no Solo Urbanizable Programado número 1 (SUP-1). Uns traballos que, como sabemos, prevén tamén a través da xunta de compensación, o axardinamento dos 5.524 metros cadrados de debandita parcela.

Porén, desde o Grupo Municipal Socialista consideramos que non é prescindible a actual balsa de aparcadoiro que da servizo diario a preto de 150 vehículos de veciños e veciñas da zona, usuarios do IES Eduardo Pondal e do CIFP Politécnico. Menos aínda se, esta actuación de axardinamento, non vén acompañada dunha alternativa para eses vehículos.

Así o que se presenta é unha alternativa que permita combinar ambos proxectos, aproveitando o impacto positivo, en termos estéticos, pero tamén en materia de calidade de vida, ao recuperar unha zona actualmente desaproveitada para o uso

comunitario e social -como contempla o proxecto da promotora da urbanización do SUP-1-; co uso actual da mesma, ofrecendo un servizo de aparcadoiro provisional gratuito e en superficie, mais garantindo a súa integración amable na zona.

Avógase, polo tanto, pola revisión do proxecto que propón unha actuación sobre unha parcela dotacional e de titularidade municipal, para que se garantan un número de prazas similar ás que actualmente operan, aínda que de xeito precario, sen que isto signifique prexuízo algún á renaturalización que se pretende da zona. O obxectivo é aproveitar as potencialidades da parcela en termos paisaxísticos e, sobre todo, de servizo, mellorando ademais a seguridade na zona ao acompañar esta actuación de melloras de iluminación e sinalización.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Abordar a revisión do proxecto previsto de reurbanización da parcela de uso dotacional sita entre a Avenida de Ferrol e o IES Eduardo Pondal para garantir provisionalmente a continuidade do aparcadoiro de servizo en superficie que opera na actualidade, acometendo a súa reforma e integrándoo nunha contorna renaturalizada, máis amable co espazo; ao tempo que se mellora a mobilidade peonil na zona.

MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG, DE CA E DO PSdeG-PSOE DE APOIO Á MANIFESTACIÓN CONVOCADA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA EN DEFENSA DE MEDIDAS URGENTES PARA SALVAR A SANIDADE

Os grupos municipais do BNG, Compostela Aberta e PSOE, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presentan a seguinte moción para apoiar a manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia prevista para o domingo 4 de febreiro na praza do Obradoiro en defensa de 13 medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Sanidade Pública Galega está en coma, na última fase do seu desmantelamento: centros de saúde e PACs inaccesíbeis; consultas telefónicas en lugar de presenciais; centros masificados, sen pediatras nin persoal suficiente, con esperas de semanas; servizos de urxencias hospitalarios colapsados; listas de agarda hospitalarias manipuladas que ocultan mais da metade dos/das pacientes; servizos de Saúde Pública sen recursos para afrontar as epidemias; persoas maiores abandonadas nas residencias e na dependencia; e un persoal sanitario insuficiente que soportaunhas condicións laborais precarias e indignas.

É necesaria unha gran mobilización social e profesional para cambiar esta situación aberrante e inaceptábel, e que culmine as manifestacións convocadas nos últimos meses en decenas de pobos e cidades de toda Galicia como protesta polo abandono asistencial e a falta de recursos quepon en risco permanente a saúde da poboación.

SOS Sanidade Pública, e as súas 55 organizacións que a integran, propoñen 13 medidas urxentes para afrontar esta situación crítica e desoladora. E chama a toda a cidadanía galega a encher a praza do Obradoiro de Compostela o vindeiro domingo 4 de febreiro cunha única voz en defensa da sanidade pública que queremos e que merecemos.

As medidas urxentes son as seguintes:

1. Incremento do orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS).
2. Incremento do persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría; incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais.
3. Apertura dos centros de saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, coa dotación suficiente para realizar o seu labor.
4. Reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público e aumentada súa dotación.
5. Implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos.
6. Garantía de que a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.
7. Reintegro ao Sistema Público dos servizos privatizados.
8. Elaboración de forma consensuada dun Plan de Saúde Mental que dote o Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal axeitado.
9. Eliminación da inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementación dunha política xusta e incentivadora.
10. Concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. Erradicación das prácticas de clientelismo e nepotismo.
11. Restablecemento das Xerencias de Atención Primaria e dotación de capacidade resolutiva e orzamento propio. Restitución das Áreas Sanitarias suprimidas e os recortes nos Hospitais Comarcais.
12. Reorientación do sistema ao «modelo comunitario e participativo», para garantir unha atención integral.
13. Desmedicalización do sistema, acabar co uso irracional e abusivo dos fármacos e das novas tecnoloxías, e poñer o seu na Atención Primaria.

Por estes motivos, propónse ao Pleno do Concello que adopte o seguinte acordo

Apoiar a manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia o domingo 4 de febreiro na praza do Obradoiro en defensa de 13 medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega.”

As emendas presentadas e aceptadas xa aparecen recollidas nos acordos adoptados.

Os acordos adoptados en relación ás mocións presentadas, son os que a continuación se transcriben.

Con relación á moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á situación na que se atopan os taxis eléctricos, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1.- Instar a AENA para que na parada de taxi do aeroporto “Rosalía de Castro” instale un punto de recarga rápida para dar servizo aos vehículos que desenvolven o seu traballo en Lavacolla.

2.- Que o goberno municipal, conxuntamente co sector, estude a posibilidade de instalar nalgunha das paradas de taxi da cidade puntos de recarga rápida.

Con respecto á moción do grupo municipal do PP para a posta en marcha dun servizo de lavandería a domicilio para persoas maiores de 65 anos, á que presentou emenda o PSdeG-PSOE de modificación do punto do acordo e despois de ser aceptada, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE (11 PP e 6 PSdeG-PSOE) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a dar os pasos necesarios para a posta en marcha dun servizo de lavandería a domicilio para persoas maiores de 65 anos, que se atopan nunha situación que lles impida satisfacer esta necesidade persoal básica polos seus propios medios, como ferramenta para ofrecer e garantir os apoios necesarios, suficientes e axeitados ás persoas en proceso de envellecemento e como un instrumento de atención ás persoas maiores ou unidades de convivencia de persoas maiores no propio fogar.

No tocante á moción do grupo municipal do PP para incorporar a plataforma bizum como ferramenta de pago para taxas, impostos ou outras transaccións económicas locais, á que presentaron emendas os grupos municipais do PSdeG-PSOE de modificación do acordo e do BNG e CA, e despois de ser aceptado o punto 1º da do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE (11 PP e 6 PSdeG-PSOE), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda continuar coa implantación de melloras vencelladas á administración electrónica, dotando á administración municipal dos medios (pasarelas de pago e outros medios de comunicación avanzada como Editran ou Redsys), que permitan aos contribuíntes utilizar calquera das solucións de pago electrónico seguro dispoñibles (tarxetas de crédito, tarxetas de débito, bizum e outras) e aos servizos municipais automatizar os procesos de cobro e contabilización.

Con respecto á moción do grupo municipal do PP en relación a licitación dos servizos de limpeza e conserxería nos CEIPs de Santiago de Compostela, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda instar ao Goberno municipal a manter un diálogo cos axentes implicados neste contrato e licitar coa maior brevidade este servizo.

Na moción do grupo municipal do PP para realizar melloras na parroquia de Marrozos, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE (11 PP e 6 PSdeG-PSOE), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda instar ao Goberno Local a:

Primeiro.- Realizar melloras viarias no entorno da Igrexa e Local Social.

Segundo.- Mellorar a accesibilidade dos baños Local Social, solucionar os problemas de inundacións do mesmo e mellorar a limpeza do local e da contorna.

Terceiro.- Xestionar correctamente os contedores do lixo, e non ter tres de vidro e ningún para outras materias.

Cuarto.- Axilizar a segunda axuda do Concello para as festas xa que aínda non se cobrou.

Quinto.- Iniciar unha colaboración máis estreita coa asociación encargada dos carnavais para poder dar a coñecer os traxes do carnaval e axudarlles no súa elaboración, mantemento e posta en valor.

Con respecto á moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE contra a xestión da marea dos “pellets” plásticos, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e de CA (6 PSdeG-PSOE, 6 BNG e 2 CA) e 11 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

Esixir da Xunta de Galicia:

1º.- A creación dun comité de crise no que participarán, ademais das autoridades autonómicas -que coordinarán as accións- e o goberno central, a FEGAMP e todos os alcaldes/as dos municipios afectados, dende o inicio da crise con independencia do nivel que sexa preciso activar, co fin de que poidan participar directamente na resolución do problema.

2º.- A posta a disposición dos Concellos afectados de todos os medios técnicos, económicos e humanos para facer fronte aos traballos de limpeza e retirada dos “pellets”.

3º.- A realización en colaboración con Universidades e laboratorios de contrastada experiencia de todos os estudos necesarios para aclarar a composición do material vertido, así coma as posibles afeccións que este poida ter no medio, fauna e flora que serán publicados inmediatamente co fin de garantir a máxima transparencia.

4º.- A elaboración de material informativo que poñerá a disposición de confrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e se comercializa, incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemáticos, evitando facer campañas partidistas como a que fixo a Xunta recentemente.

5º.- Se centralice e realice, en representación de todos os concellos e sectores afectados, as xestións necesarias para a reclamación dos custes nos que incorreron e están a incorrer os mesmos, así coma das posibles indemnizacións que poidan derivarse como consecuencia desta situación.

Con respecto á moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para a creación dun aparcadoiro provisional en superficie entre avenida de Ferrol e Doutor Maceira, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e

concelleiras dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE (11 PP e 6 PSdeG-PSOE), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda abordar a revisión do proxecto previsto de reurbanización da parcela de uso dotacional sita entre a Avenida de Ferrol e o IES Eduardo Pondal para garantir provisionalmente a continuidade do aparcadoiro de servizo en superficie que opera na actualidade, acometendo a súa reforma e integrándoo nunha contorna renaturalizada, máis amable co espazo; ao tempo que se mellora a mobilidade peonil na zona.

Na moción dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE de apoio á manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia en defensa de medidas urxentes para salvar a sanidade, á que presentou emenda o grupo municipal do PP e que foi rexeitada, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e de CA (6 PSdeG-PSOE, 6 BNG e 2 CA) e 11 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda apoiar a manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia o domingo 4 de febreiro na praza do Obradoiro en defensa de 13 medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega.

A Alcaldesa pecha a sesión ás 14:23 horas. Dou fe.